

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. IES DE AMES.

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2021/22. AVALIACIÓN FINAL E AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DO ALUMNADO.

Coa finalidade de adaptarse á nova normativa, o departamento de Economía modifica na programación, os apartados referidos á avaliación nas materias de Economía de 4º, Iniciación á actividade empresarial e emprendedora de 4º y Economía de 1º de bacharelato.

ECONOMÍA DE 4º

INICIACIÓN Á ACTIVIDAD EMPRESARIAL E EMPRENDEDORA DE 4º

A nota final destas materias calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións parciais, utilizando o redondeo matemático. Entenderase superada a materia se o alumno/a acadou unha media superior o igual a 5 (aplicando o redondeo). En caso contrario, durante o período que media entre a terceira avaliación e a avaliación final, realizaranse actividades de reforzo dos estándares non superados polo alumno/a, que serán cualificadas mediante probas ou tarefas que permitirán recalcular a nota dos mencionados estándares e como consecuencia a de calquera das avaliacións, para que desta maneira se acadou a cualificación ≥ 5 . Se o alumno/a xa acadou unha media das tres avaliacións parciais igual o superior a 5 e no período referido, realiza as actividades de reforzo correspondentes aos estándares nos que non obtivo a cualificación máxima, tamén ten a posibilidade de subir a cualificación dos citados estándares e por tanto tamén a nota media final recalculada. En ningún caso dos mencionados a nota se verá diminuída. Poderanse realizar neste período tamén actividades de ampliación, aínda que, de ser o caso, estas non serán avaliadas.

No caso de que a través do procedemento citado, non se acadou a cualificación 5 na avaliación final, o alumnado, cara a avaliación extraordinaria, realizará unha proba escrita que constará de cuestións sobre unha selección de estándares elixidos, polo profesorado do departamento que se reunirá para tal fin, de entre os estándares nos que o alumno/a non acadou o grao de consecución esperado. Esta proba terá unha cualificación máxima de 10 e o alumno/a superará a materia se obtén unha cualificación igual o superior a 5.

1º BACHARELATO

A nota final desta materia calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións parciais, utilizando o redondeo matemático. Entenderase superada a materia se o alumno/a acadou unha media superior o igual a 5 (aplicando o redondeo). En caso contrario, durante o período que media entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, realizaranse actividades de reforzo dos estándares non superados polo alumno/a como preparación para a proba que se realizará para superar a avaliación extraordinaria. Nesta proba o alumnado examínase dunha selección de estándares elixidos polo profesorado do departamento que se reunirá para tal fin e terá unha cualificación máxima de 10, sendo 5 a cualificación necesaria para superar a materia.

Para o alumnado que xa acadou avaliación igual o superior a 5 na avaliación ordinaria, realizaranse actividades de ampliación de contidos.

Asdo: Mercedes Pazos Pardos Xefa do departamento.

En Bertamiráns, 7 de Abril de 2022